




**HOSTAL DOS REIS
CATÓLICOS**





“ Compostela sempre foi unha cidade con moita historia. Son consciente de todas as ironías que abarca esa frase. Compostela foi a miña primeira cidade, foino dende que baixei daquel autobús caro e impuntual, nos primeiros pasos sen fíos nas miñas articulacións, na primeira labazada da mañá dun setembro cru. Perdinme, durante os primeiros meses, moito máis do que me gustaría recoñecer, pero resultaba divertido escudriñar as rúas estreitas, empapadas e labirínticas, debuxadas co pulso dubidoso da súa idiosincrasia, perante o tempo –entón e agora- morto. Unha probada de té vermello faime lembrar a obra dun poeta incipiente, coetáneo daqueles tempos. Sei que os versos falaban da cidade de pedra: da pedra e da xente. Da pedra. Chet Baker bisba que aquela lírica non pagaba a pena; eu direi que está mal citarse a un mesmo.

Mais non é o jazz nin a miña poesía torpe a que me levan a escribir esta noite de domingo sobre unha mañá de setembro. Polas calzadas da cidade case azul, volvíñ sentirme pequeno. Pequeno e curioso. Seguro que algunha vez tentáchedes coller un rato; iso era eu en Compostela, un ser á fuga, áxil e diminuto, co entorno a favor; un rato nunha cociña, mais o meu hábitat semellaba non dar conta de min. Na pedra daquela arcadia, sorprendéronme edificios que deliberadamente considero antigos, de séculos que non adiviñaría. “Eu non son vella, meu fillo, vellos son os camiños”, dixera miña avoa no seu oitenta e tantos aniversario; pois os anos levaríanme a lembrar, e son consciente tamén desta ironía –máis amarga-, un edificio que máis tarde me obrigaría a escribir nunha xa madrugada de domingo.

Entrara no hostel apartando o meu paraugas estupidamente roto, deixando o diluvio ás costas. Ignorei o ton do servizo, demasiado lonxe dos da miña especie, para unirme á visita. Pouca atención puideren prestar. A miña vontade bulía arredor da tarefa de escribir sobre o percorrido. Aínda agora non sei de que falar. A primeira opción fora un relato perspectivista, un eu desgraciado de hai sabe Deus cantos séculos, morrente de miseria –a peor das enfermidades-, sucumbindo, atestemuñado só pola pedra do que antes fora un lugar de fe e caridade.

A acumulación da chuvia nunha das canles do xardín levoume dunha narración vagamente atendida ata a posibilidade disparatada da poesía e do comentario artístico. Non tardei moito en volver a una realidade máis próxima, esta vez da man da escultura de pedra calcaria do interior da capela, onde recibimos máis relato, con menos ganas. Durante a exposición, prestei atención intermitente á fotografía, tan inmersa coma min no seu traballo, co obxectivo seguramente máis esclarecido ca o meu. Un comentario escoitado de soslaio sobre o valor dalgunhas pezas transportoume á idea dun relato negro de época, una ambientación pasada da miña novela presente.

Xa na saída, alguén comentara o prezo dunha estancia única naquel lugar: de novo, demasiado lonxe dos da miña especie. Dito detalle fíxome cavilar nas posibilidades daquel edificio, hai xa anos declarado Patrimonio da Humanidade. Atopara entón (decataríame una noite de domingo) a perspectiva que necesitaba, e nin Chet Baker nin a cidade de pedra foron quen de dobregar a miña ironía. Ao saír de novo cara o diluvio, entregueille o meu paraugas a una muller que vivía da chuvia.”

-J.



ASAC



**Asociación de Altas
Capacidades de Galicia**

MAISACTIVIDADES

2018-2019